



EXPERIENCIA: UNHA HISTORIA POLO SÉCULO XX

Duración: 1 hora e media

Disponibilidade: Todo o ano, con reserva previa

Mínimo: 4 persoas

Máximo: 25 persoas

Restricións: Ningunha. Todo o edificio está adaptado para persoas con mobilidade reducida.

Equipamento persoal:

- Roupa cómoda.

Inclúe:

- Percorrido polo museo contado pola man dun dos seus fundadores.
- Posterior visita á Igrexa de San Martiño de Loiro, única igrexa románica conservada do Concello de Barbadás.

Descrición da actividade:

A visita comeza cun percorrido por unha serie de material fotográfico, primeiramente, recollido por Manuel Fernández Pérez, veciño que volveu a España despois de vivir en Suíza e que agora é unha persoa non vidente, quen fará a visita contada dende a súa experiencia coma emigrante retornado e ideador deste museo no 2018.

A historia está composta por elementos clásicos aportados polos veciños do pobo, iniciativa que contou co apoio do goberno local de turno e que conseguiu facer unha fiel representación da vida da época. Fotografías e elementos de bodas, utensilios de cociña, decoración de dormitorio, aparellos do rural, máquinas de coser, carro de vacas, utensilios de ferreiros e carpinteiros con nome e apelido, material audiovisual, elementos tecnolóxicos que hoxe en día están case desaparecidos, entre outras curiosidades.

Tamén, poderemos ver unha exposición permanente de figuras facilitadas polo escultor de Bande, Adolfo Fernández Dafonte, quen traballa o barro coas mans e as súas obras son figuras representativas das mulleres que realizaban as súas tarefas agrícolas, moitas delas xa desaparecidas.

Ao rematar o percorrido, levaréivos polo pobo até a igrexa románica de San Martiño. Onde na fachada existe unha inscrición que parece indicar que a igrexa foi construída no ano 1110.

Prácticas ecoamigables:

Reducir, reciclar e reutilizar. Os elementos e montaxes de paneis e estruturas de exhibición que compoñen o museo foron realizados con material reciclado.

Involucramiento dos residentes e locais. A conciencia social e apoio de concellos, persoas e asociacións é vital para o seu funcionamento.

www.turismobarbadas.com

www.instagram.com/loironamemoria

